

PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO

PARA DESENVOLVEMENTO RESIDENCIAL NA PENOUQUEIRA, A BAIUCA (ARTEIXO)



FASE: APROBACIÓN INICIAL

INFORME AMBIENTAL ESTRATÉGICO

FEBREIRO 2026



INFORME AMBIENTAL ESTRATÉGICO RELATIVO AO PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO PARA DESENVOLVEMENTO RESIDENCIAL NA PENOUQUEIRA, A BAIUCA, NO CONCELLO DE ARTEIXO

Promotor: Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS)

Órgano substantivo: Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas

Expediente: 2025AAE3045

ANTECEDENTES


- 1 O planeamento vixente no concello de Arteixo son as Normas subsidiarias de planeamento municipal (NNSSPP) aprobadas definitivamente o 23.3.1995 (BOP do 15.4.1995).
- 2 O 15.4.2025 o director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) adoptou a proposta de declaración de interese autonómico da actuación de creación de solo destinado maioritariamente á construción de vivendas protexidas mediante un proxecto de interese autonómico (PIA) en Arteixo, no ámbito identificado como UA-44, A Penouqueira, A Baiuca.
- 3 O 3.10.2025 a presidenta do IGVS resolveu aprobar a delimitación do ámbito de actuación para o PIA (DOG núm. 197 do 13.10.2025).
- 4 O 17.10.2025 recibimos na Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade un escrito do director xeral do IGVS, no que solicitaba iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada do "Proxecto de interese autonómico para desenvolvemento residencial na Penouqueira, A Baiuca" no concello de Arteixo (en diante, PIA ou proxecto), en virtude do establecido no artigo 29 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. Achegaba coa solicitude un documento ambiental estratéxico (DAE) e un borrador do PIA.
- 5 O 21.10.2025 iniciamos un período de consultas previo á formulación do informe ambiental estratéxico, facendo públicos no portal web os documentos recibidos e consultando ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas por un prazo de trinta (30) días hábiles.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 A Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia (LOTGA), integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio o procedemento de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- 2 O artigo 22.2.b) da LOTGA establece que, en xeral, os proxectos de interese autonómico someteranse a avaliación ambiental estratéxica simplificada.

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

páxina 1 de 12





- 3 O órgano ambiental determinará no informe ambiental estratéxico se o instrumento de ordenación do territorio pode ter ou non efectos significativos sobre o medio ambiente (artigo 55.3 da LOTGA). No caso de non prever efectos significativos, o procedemento ambiental finalizará e o instrumento de ordenación poderá aprobarse nos termos que o propio informe ambiental estableza. No caso de prever efectos significativos, someterase a unha avaliación ambiental estratéxica ordinaria.
- 4 Antes de emitir o informe ambiental estratéxico o órgano ambiental consultará á consellaría competente en materia de ordenación do territorio, ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas (art. 55.2 da LOTGA), que se pronunciarán nun prazo máximo de trinta días hábiles (art. 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, ao amparo do Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Obxecto e ámbito de actuación do proxecto de interese autonómico

Obxecto: posibilitar o desenvolvemento de solo destinado maioritariamente á construción de vivendas de protección.

Ámbito de actuación: recinto de terreos de forma irregular situados na área periurbana leste do núcleo da Baiuca no concello de Arteixo, que abrangue terreos da ladeira occidental do Monte da Penouqueira.



Emprazamento do PIA

*Avaliación ambiental estratéxica simplificada - Informe ambiental estratéxico
PIA para desenvolvemento residencial na Penouqueira, A Baiuca . Concello de Arteixo (A Coruña)
Expediente: 2025AAE3045*

páxina 2 de 12

As copias en papel deste documento teñen carácter de copia e serán verificables a través deste código.
Código de Verificación: https://sede.xunta.gal/cve





Superficie do ámbito: 81.965 m². O ámbito delimitado está conformado por: terreos do polígono de solo urbano non consolidado da unidade de actuación UA-44 das NNSSPP¹ (40.267 m²); zonas altas do Monte Penouqueira (33.713 m²); terreos rústicos para unha conexión viaria exterior (7.411 m²); unha zona de solo urbano consolidado na Travesía de Arteixo (574 m²).

2. Características ambientais da área probablemente afectada

O ámbito do PIA sitúase na área periurbana leste da Baiuca, principal núcleo e a sede administrativa do concello de Arteixo. A contorna da área de actuación presenta dúas realidades moi diferenciadas: cara ao oeste o ámbito entra en contacto co tecido urbano, no que as edificacións presentan certa diversidade tipolóxica; o resto do perímetro linda con terreos de natureza rústica nos que predominan os usos forestais.

A maior parte do ámbito atópase ermo e está moi antropizado como consecuencia do proceso de urbanización (sen rematar) que foi levado a cabo a finais do século pasado e polos lumes que tiveron lugar na zona. Non existen edificacións no interior a excepción dun depósito de auga situado nas cotas altas do monte e tres edificacións residenciais de tipo unifamiliar e un garaxe na zona urbana incorporada no extremo leste do ámbito a carón do acceso ao ámbito pola avenida de Galicia, que presentan un dispar estado de conservación.

Os terreos do Monte da Penouqueira ocupan unha posición elevada respecto ao tramado urbano da Baiuca, presentando unha elevada exposición visual polas fortes pendentes existentes na zona de ladeira, nalgúns casos superiores ao 30%. Nas zonas próximas ao cumio as pendentes son mais suaves. A execución da urbanización no pasado alterou as condicións naturais dos terreos provocando a aparición de noiros a carón dos viarios e parcelas resultante con moi fortes pendentes.

Segundo o Catálogo das paisaxes de Galicia, o ámbito do PIA localízase na grande área paisaxística do Golfo Ártabro, na comarca paisaxística do Golfo Ártabro Litoral sen presentar nin no ámbito nin a súa contorna elementos ou áreas de interese recollidas no Catálogo.

O ámbito do PIA queda emprazado na área continua de ordenación do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (POL).

A área de actuación do PIA non forma parte de espazos naturais protexidos nin alberga espazos con destacados valores naturais. A cobertura vexetal do ámbito nas parcelas urbanizadas do monte está dominada por toxos, xestas e silvas, con presenza puntual de zonas arboradas nas cotas elevadas nas que

- 1 A superficie do polígono modifícase respecto á prevista nas NNSSPP, incorporando certos terreos lindeiros para o seu correcto desenvolvemento e conexións exteriores.
- 2 Terreos excluídos do ámbito da UA-44 na parte leste do ámbito, correspondente ao cumio do Monte Penouqueira, os cales se adscriben ao PIA coa cualificación de zona verde de sistema xeral.

*Avaliación ambiental estratéxica simplificada - Informe ambiental estratéxico
PIA para desenvolvemento residencial na Penouqueira, A Baiuca . Concello de Arteixo (A Coruña)
Expediente: 2025AAE3045*

páxina 3 de 12



As copias en papel deste documento deben cumprir as condicións de copia e serán verificables a través deste código.
Código: 2025AAE3045 Verificación: <https://sede.xunta.gal/ve>



fundamentalmente se mesturan eucaliptos (*Eucalyptus globulus*) e loureiros (*Laurus nobilis*). Na parte alta do monte tamén se poden apreciar algúns afloramentos rochosos. Nas cotas baixas detéctase a presenza de exemplares de especies exóticas invasoras como acacias (*Acacia dealbata*), a herba da pampa (*Cortaderia selloana*) ou vinagreta (*Oxalis pescaprae*). Nas zonas próximas ao tramado urbano existen hortas e xardíns vinculadas ás traseiras das vivendas localizadas na Travesía de Arteixo.

Segundo a información contida no Plan Básico Autonómico, no ámbito de actuación do PIA localízase o xacemento arqueolóxico do Castro das Penouqueiras (GA 15005010), quedando integrado o desenvolvemento na súa área de protección. O xacemento foi alterado no pasado pola construción do depósito de auga existente así como polo proceso de urbanización que sufriu a zona.

A zona incorporada no PIA para executar un novo acceso dende a rúa Párroco José Abelenda se corresponde coa traza dun ben etnográfico correspondente co Camiño histórico a Morás (E-11), o cal discorre cara á estrada do cemiterio. Por outra banda o ámbito tamén se ve afectado polo contorno de protección de elementos situados fora do seu ámbito como o do denominado "Casa no Camiño da Baiuca" que afecta ao primeiro treito da Avenida Galicia e ás parcelas lindeiras.

O PIA localízase nunha próxima a vías de comunicación municipal e supramunicipal ao estar situado nas proximidades da Avenida de Arteixo, que discorre lindeira polo oeste e próximo á estrada AC-552 coa que se pode enlazar a escasos 150 m ao oeste.

No referente ás infraestruturas de servizos o ámbito dispón de conexión inmediata coas redes exteriores de abastecemento de auga e de saneamento. Segundo se describe no borrador, o sistema municipal de abastecemento que servirá ao PIA conta tres depósitos³ con capacidade para 12.000 m³, existindo redes de distribución nos accesos ao ámbito polas avenidas Galicia e da Penouqueira que parten da rede principal que discorre pola Travesía de Arteixo. Por outra banda existen colectores de saneamento no ámbito urbanizado de Penouqueira os cales entroncan no colector xeral que discorre pola Travesía de Arteixo, dende onde as augas residuais son bombeadas cara a estación depuradora de Bens (A Coruña).

3. Proposta de PIA

Análise de alternativas: No DAE analizáronse dúas alternativas para a ordenación do PIA, ademais da alternativa "cero" ou de non formulación da actuación.

A alternativa 1 delimita un ámbito que abrangue parte dos terreos da unidade de actuación UA-44 das NNSSPP, excluindo parcelas de titulares alleos e a zona superior do Monte Penouqueira, e incorpora terreos da pista que vai ao Sisto (ao norte) para a conexión exterior do polígono. Os usos residenciais se sitúan ao oeste nas cotas máis baixas, distribuídos en dúas ringleiras de bloques (B+3) superpostos

³ Segundo sinala o borrador a capacidade será ampliada a través dun novo depósito de 20.000 m³ nas proximidades do ámbito.





na pendente, aos que se accede polas travesías da Coruña e Ourense. As dotacións de equipamento e zonas verdes localízanse na ao sueste en cotas de maior altitude.

A alternativa 2 ordena o ámbito delimitado da UA-44 e inclúe unha conexión exterior ao nordés dende a rúa Párroco José Abelenda. Igualmente localiza os usos residenciais ao oeste pero distribuídos en bloques (B+3) fragmentados e adaptados á pendente aos que se accede unicamente pola Travesía da Coruña. As dotacións de equipamento se emprazan no perímetro occidental en contacto co tramado urbano, e as de zonas verdes se dividen en dúas áreas, unha central entre a área residencial e a Travesía Pontevedra e outra no extremo sur. Evita ocupar a parte alta do Monte Penouqueira destinándoa a zona verde de sistema xeral.

O borrador opta por desenvolver a alternativa 2, argumentando que esta mellora de xeito significativo, os aspectos de inserción na malla urbana, accesibilidade e mobilidade, o que redonda favorablemente na habitabilidade do espazo, e nos aspectos da cohesión social e inclusividade.



Alternativa 1



Alternativa 2

Resumo da proposta:

A ordenación prevista concentra o aproveitamento residencial ao oeste na zona de contacto co tramado urbano da Baiuca, proxectando edificacións con altura máxima de B+3 e cuberta plana. A proposta pretende fragmentar as edificacións residenciais e graduar a súa implantación para unha mellor adaptación ás pendentes, así como para reducir os desmontes do terreo. Segundo se sinala, a fragmentación das edificacións permitirá a súa execución diferida. As previsións contidas no borrador prevén a execución dunhas 160 vivendas.

As reservas para dotación de equipamento comunitario (SL-EQ de 1.861 m²) se emprazan no perímetro occidental do ámbito, no encontro da Travesía da Coruña coa Avenida de Galicia, na zona de contacto co tramado urbano da Baiuca. Dado o forte desnivel da zona, prevese que a edificación non sobrepase unha planta na Travesía da Coruña e dúas na Avenida de Galicia, graduando a súa altura co descenso da topografía.

Avaliación ambiental estratéxica simplificada - Informe ambiental estratéxico
PIA para desenvolvemento residencial na Penouqueira, A Baiuca . Concello de Arteixo (A Coruña)
Expediente: 2025AAE3045

páxina 5 de 12



As copias en papel deste documento deben incluír a copia e serán verificables a través deste código
Código: 270pCD10Kq2 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve



Ao respecto dos espazos libres e zonas verdes o PIA proxecta incorporar como sistema xeral adscrito a parte máis alta do Monte da Penouqueira (SX-EL-EXT de 33.713 m²), por consideralas inadecuadas para o desenvolvemento polas afeccións patrimoniais e paisaxísticas. Ademais a ordenación inclúe dúas reservas de solo para zonas verdes de sistema local; unha na zona central como zona de amortecemento entre o cuarteirón residencial e a Travesía Pontevedra (SL-EL-1 de 8.528 m²) e outra no extremo sur (SL-EL-2 de 4.706 m²) na que se prevén incorporar sendas peonís. A accesibilidade ás zonas verdes producirase mediante ramplas interiores que partirán da avenida de Galicia.

O borrador incorpora unha parcela para sistema local de infraestruturas de servizo (SL-IS de 192 m²), na esquina que forman da Avenida Penouqueira coa Travesía da Coruña, na parte norte da actuación.

A accesibilidade ás edificacións residenciais e dotacionais resólvese pola Travesía da Coruña, propoñéndose a instalación dun ascensor e unha pasarela na avenida Galicia para salvar o desnivel existente entre as travesías de Arteixo e da Coruña.



Ordenación proposta (Extracto do plano PORD_01 USOS do borrador)

A rede viaria proposta está formada fundamentalmente pola ampliación e reurbanización de parte do viario existente. A Travesía da Coruña proxéctase como o viario principal estruturante (SL-IC), sendo o que soporte ás áreas residenciais e ao

Avaliación ambiental estratéxica simplificada - Informe ambiental estratéxico
PIA para desenvolvemento residencial na Penouqueira, A Baiuca . Concello de Arteixo (A Coruña)
Expediente: 2025AAE3045

páxina 6 de 12

As copias en papel deste documento teñen carácter de copia e serán verificables a través deste código
Código: 270pCD10K02 Verificación: https://sede.xunta.gal/ve





equipamento. Proponse como viario secundario a Travesía de Pontevedra, como peche do ámbito leste (en contacto co sistema xeral de espazos libres adscrito), así como a ampliación da sección da avenida de Galicia. En total prevese de 45 prazas de aparcadoiro publico, fundamentalmente localizadas na Travesía da Coruña.

O borrador inclúe no ámbito do PIA unha nova vía dende a rúa Párroco José Abelenda (estrada ao Cemiterio) ata a encontro entre a rúa Betanzos e a Travesía de Pontevedra, a cal se formula como unha conexión exterior ao polígono de desenvolvemento.

No referente ás infraestruturas de servizos, os posibles puntos de entronque coas arterias principais da rede de abastecemento e cos colectores de saneamento existentes localízanse en dous puntos dos extremos do ámbito que entran en contacto coa Travesía de Arteixo.

O borrador establece unha única etapa para o desenvolvemento do PIA.

4. Consultas previas

Realizamos as seguintes consultas previas á formulación deste informe ambiental:

Administracións públicas afectadas	Resposta
Dirección Xeral de Urbanismo ⁴	x
Instituto de Estudos do Territorio	x
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	x

Asemade, o borrador do PIA e o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería para que o público puidese consultalos e facer observacións ou suxestións de carácter ambiental. Non se recibiron alegacións.

O promotor deberá considerar na elaboración do PIA a totalidade das observacións e suxestións recibidas, para o cal se lle remiten os textos íntegros dos informes formulados na fase de consultas previas. Non obstante, resúmense a continuación as principais cuestións que poden ter incidencia na avaliación ambiental do PIA.

Instituto de Estudos do Territorio

A actuación terá unha certa incidencia sobre a paisaxe pois supón a alteración das coberturas do solo e da topografía e, ao preverse nunha zona de elevada pendente as zonas residenciais, terán unha importante presenza visual. Non obstante, os terreos do Monte da Penouqueira atópanse urbanizados e valóranse positivamente os criterios de ordenación contemplados no PIA, como é evitar a ocupación dos terreos do cumio e a súa conversión nunha zona verde.

4 Informa que non procede a consulta formulada (segundo o artigo 55.2 da LOT) e que corresponde á Secretaría xeral de Vivenda e Urbanismo a elaboración dos informes respecto dos instrumentos de ordenación do territorio previstos na LOT que se formulen por iniciativa desta consellería, relativas ao desenvolvemento do solo residencial e á implantación de vivendas cando así se esixa de acordo coa dita lei e a normativa e instrumentos que a desenvolvan (Segundo o artigo 11.f) do Decreto 142/2024).





Ademais, o feito de prever as edificacións na cota máis baixa, limitando a altura máxima a B+3 e con cuberta plana, e distribuílas fragmentadas e graduadas ao longo do perfil, redundará nunha mellor integración na paisaxe; pois os novos volumes adaptanse á pendente e evítase que se modifique a percepción da liña de cornixa do Monte.

As medidas de integración previstas deben concretarse e detallarse polo miúdo na futura redacción da normativa e complementarse con outras referidas ás condicións para a execución dos espazos libres (en particular o mantemento do arboredo autóctono de interese) e os usos comerciais nos baixos das edificacións.

O PIA vai provocar o impacto paisaxístico propio dos desenvolvementos urbanísticos, se ben os criterios de ordenación propostos considéranse axeitados. Para os efectos dos artigos 35 e 36 do RLPPG, poden considerarse adecuados os contidos do estudo de paisaxe.

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

A pesar de que na información arqueolóxica que consta sobre o castro de Penouqueira menciona a súa destrución, é preciso realizar as intervencións arqueolóxicas necesarias para establecer o seu grao de alteración, así como a verificación da existencia de estruturas arqueolóxicas ou material arqueolóxico do xacemento, de forma previa a calquera intervención.

O PIA deberá incluír un Catálogo con todos os bens do patrimonio cultural afectados, tanto os xa identificados como os novos achados durante o traballo de campo. As fichas conterán toda a información esixida pola normativa vixente.

Os bens do patrimonio cultural afectados polo PIA deberán estar delimitados (tanto o ben como o seu contorno de protección) seguindo os criterios recollidos no artigo 12 da LPCG, incluída a representación dos contornos de protección. Ambos quedarán representados nos planos de ordenación do PIA.

Dende o punto de vista da protección do patrimonio arquitectónico e etnográfico e como criterios xerais, a ordenación deberá dar cumprimento ás esixencias normativas vixentes, en particular o recollido nos artigos 35.2, 35.5, 46.1 e 46.2 da LPCG.

A normativa urbanística deberá incluír a protección expresa dos muros tradicionais.

Deberanse realizar as investigacións arqueolóxicas pertinentes para aportar un estudo pormenorizado da GA15005010, que consistirán como mínimo nunha prospección arqueolóxica intensiva da superficie do castro e o seu entorno e co seu resultado sondaxes arqueolóxicas.



As copias en papel deste documento deben condición de copia e serán verificables a través deste código.
Código: 2025AAE3045 Verificación: <https://sede.xunta.gal/ve>

Avaliación ambiental estratéxica simplificada - Informe ambiental estratéxico
PIA para desenvolvemento residencial na Penouqueira, A Baiuca . Concello de Arteixo (A Coruña)
Expediente: 2025AAE3045

páxina 8 de 12



5. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

O PIA non establece un marco para a futura autorización de proxectos, máis alá dos necesarios para realizar as obras e implantar os usos que se autorizan no ámbito de actuación delimitado.

A planificación proposta non inflúe noutros plans ou programas de carácter ambiental, nin resulta pertinente ou necesaria para a implantación da lexislación comunitaria ou nacional en materia de medio ambiente.

O PIA afecta a unha área periurbana moi antropizada correspondente con terreos que maiormente se atopan transformados polo proceso de urbanización que sufriron no pasado. Ademais, o ámbito de desenvolvemento (a excepción da nova conexión viaria coa rúa do cemiterio e a pequena zona urbana da Travesía de Arteixo) se corresponde coa unidade de actuación UA-44 prevista nas NNSSPP do concello de Arteixo. En consecuencia, non se agarda que o desenvolvemento do PIA vaia ter efectos significativos en canto á ocupación do recurso solo.

Boa parte do ámbito do PIA queda emprazado nun enclave de considerable exposición visual como é a ladeira do Monte Penouqueira se ben estes terreos xa foron urbanizados no pasado, alterando a percepción da paisaxe natural orixinal. Se ben desenvolvemento do PIA provocará o impacto propio dun desenvolvemento urbanístico, ordenación proposta evita a ocupación edificatoria das zonas de maior exposición visual da ladeira do Monte Penouqueira ao incorporalas como sistema xeral de zona verde. Ademais, prevé concentrar os usos residenciais e dotacionais nas cotas mais baixas, graduadas na pendente e con alturas limitadas (B+3) o que favorecerá a súa integración na paisaxe. Se ben os criterios de ordenación establecidos no borrador se consideran axeitados, as medidas de integración previstas deberán de concretarse e detallarse na normativa do PIA, fundamentalmente no referente ás condicións de execución dos espazos libres, sendo recomendable que podan ser ampliadas considerando os criterios da *Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos* e a *Guía de boas prácticas para a integración paisaxística dos sistemas de conterización de residuos urbanos*.

O ámbito queda emprazado na área continua de ordenación do POL, a considerada apta para o desenvolvemento urbanístico, non presentando incidencia en áreas discontinuas como corredores ou espazos de interese. A conformidade do PERI coas determinacións deste plan territorial integrado deberá ser avaliada polo órgano sectorial competente na tramitación do PIA.

Non se prevén efectos significativas sobre o patrimonio natural, toda vez que nin no ámbito do PIA, caracterizado por un elevado grao de antropización, nin na súa contorna inmediata existen espazos protexidos ou elementos de especial interese que poidan verse afectados polas actuacións propostas. Valóranse positivamente as medidas de revexetar o ámbito con especies autóctonas propias da vexetación

Avaliación ambiental estratéxica simplificada - Informe ambiental estratéxico
PIA para desenvolvemento residencial na Penouqueira, A Baiuca . Concello de Arteixo (A Coruña)
Expediente: 2025AAE3045

páxina 9 de 12



As copias en papel deste documento deben condición de copia e serán verificables a través deste código.
Código: 2025AAE3045 Verificación: <https://sede.xunta.gal/ve>



potencial da zona, así como a de procurar a conservación dos exemplares arbóreos autóctonos existentes tanto nos espazos libres coma nos espazos non ocupados por edificación das parcelas privadas. Por outra banda, o borrador tamén contempla a prohibición de plantar especies vexetais que formen parte dos catálogos oficiais de especies invasoras e que, no caso de prosperar algún exemplar arraigado de xeito incontrolado ou espontáneo (tal como se deu constancia da súa existencia no borrador), procederase a súa eliminación.

O ámbito do PIA vese afectado pola delimitación do xacemento correspondente do Castro das Penouqueiras (GA15005010) e o Camiño histórico a Morás (E-11). O ámbito do castro sufriu unha importante alteración (a información arqueolóxica que consta sobre o castro menciona incluso a súa súa posible destrución) derivado do proceso de urbanización levado a cabo na zona no pasado. Neste sentido o borrador achega un *Anexo 4: Memoria da Prospección Arqueolóxica* no que se inclúe unha prospección arqueolóxica intensiva de todo o ámbito do PIA (con data xuño de 2025) no que conclúe que non foron localizados materiais de interese arqueolóxico. En todo caso este estudo e prospección deberá de ser avaliado e validado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

O PIA implicará un aumento da demanda de auga para abastecemento e dos caudais de augas residuais xerados asociado fundamentalmente aos consumos das vivendas proxectadas. Segundo o informado pola empresa concesionaria dos servizos de abastecemento e saneamento municipal do concello de Arteixo (Sumarte) a capacidade da rede existente na Travesía de Arteixo, onde se prevé a conexión do desenvolvemento, ten capacidade suficiente para atender ás necesidades do PIA (150 m³/día). Considera o caudal previsto axeitado, porén solicita aclarar se este se corresponderá unicamente ao consumo de vivendas ou si será necesaria unha maior dotación para a rede de incendios ou a rega das zonas verdes. Por outra banda sinala o colector que discorre pola Travesía de Arteixo conta con capacidade para atender ao caudal de saneamento previsto (considerando un retorno dun 80% á rede de saneamento, 120 m³/día). Ao respecto da rede de pluviais indica que non se xustifica o cálculo do caudal que recibirá esta rede, nin a distribución de sumidoiros para a recollida da escorrenta superficial correspondente aos viarios que se urbanizarán no ámbito, polo que non é posible comprobar a suficiencia da rede existente. Considerando o sinalado, non se pode avaliar axeitadamente a suficiencia de recursos hídricos nin a capacidade da rede de saneamento de pluviais para cubrir as previsións do PIA, polo que no PIA deberán de clarexarse os aspectos sinalados no informe da empresa concesionaria.

En canto á mobilidade, o desenvolvemento do PIA levará consigo un incremento do tráfico actual na zona, asociada principalmente ao aumento do número de usuarios das vivendas proxectadas. O borrador achega un anexo de estudo e avaliación da mobilidade no que se fai unha estimación do tráfico inducido polos diferentes usos

As copias en papel deste documento deben condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 2f9pCD10Kq3 Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Avaliación ambiental estratéxica simplificada - Informe ambiental estratéxico
PIA para desenvolvemento residencial na Penouqueira, A Baiuca . Concello de Arteixo (A Coruña)
Expediente: 2025AAE3045

páxina 10 de 12





previstos⁵ e se analiza a capacidade da AC-552. O estudo conclúe que o tráfico xerado pola urbanización (uns 258 vehículos/día), non suporá un incremento significativo para afectar ao nivel de servizo da citada estrada. Tendo en conta o sinalado considérase que as vías que conectan o PIA coa contorna urbana (as travesías urbanas lindeiras e a nova conexión viaria prevista ao nordés coa rúa Párroco José Abelenda) e a nivel supramunicipal (estrada AC-552) deberían de ter capacidade suficiente para asumir o tráfico xerado polo desenvolvemento sen provocar efectos significativos na mobilidade da zona.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

Que a partir da documentación presentada polo promotor e, tendo en conta o resultado das consultas realizadas e os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, non se prevé que o “Proxecto de interese autonómico para desenvolvemento residencial na Penouqueira, A Baiuca” no concello de Arteixo, teña efectos ambientais adversos significativos pero deberán atenderse as seguintes condicións:

- 1) O estudo e prospección arqueolóxica intensiva deberá de ser avaliado e validado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- 2) O PIA deberá incorporar nas previsións de consumo de recursos hídricos os distintos usos previstos no desenvolvemento, incluíndo tanto ás asociadas aos usos residenciais como ás dotacións públicas. Dada a importante superficie de espazos libres e zonas verdes proxectadas, cobra importancia analizar as necesidades que podan derivar do mantemento dos espazos libres públicos (rega de zonas verdes ou rede de incendios). Tamén deberá de incorporar as previsións do caudal que se prevé vai a recibir a rede de pluviais existente, na procura de poder avaliar a suficiencia da infraestrutura.

Este **informe ambiental estratéxico** remitirase ao promotor e ao órgano substantivo, xunto con **copia dos informes recibidos na fase de consultas previas**, e farase público a través do *Diario Oficial de Galicia* e do portal web desta consellería (<https://medioambiente.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>).

Segundo o disposto no artigo 35.2.c) da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o proxecto de interese autonómico no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, agás que se acorde unha prórroga por dous anos adicionais.

5 Os tráfico xerados polo PIA cuantifícanse nun total de 258 vehículos/día (110 correspondentes ás vivendas, 13 aos espazos libres, 116 aos equipamentos e outros 16 aos usos terciarios)



As copias en papel deste documento deben cumprir as condicións de copia e serán verificables a través deste código.
Código: 2025AAE3045 Verificación: <https://sede.xunta.gal/ve>



Contra o informe ambiental estratéxico non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía xudicial contra o acto de aprobación definitiva do instrumento de planeamento, nos termos previstos na lexislación aplicable (artigo 31.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, en relación co artigo 84.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Alejandro Carrera López
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental

María José Echevarría Moreno
Directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

Asinado por: ECHEVARRIA MORENO, MARIA JOSE
Cargo: Directora Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade
Data e hora: 28/01/2026 14:23:57

Asinado por: ALEJANDRO CARRERA LOPEZ
Cargo: Subdirector Xeral de Avaliacion Ambiental
Data e hora: 28/01/2026 11:28:47

As copias en papel deste documento baixo condición de copia e serán verificables a través deste código.
Código: 28pCD10Kq3 Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Avaliación ambiental estratéxica simplificada - Informe ambiental estratéxico
PIA para desenvolvemento residencial na Penouqueira, A Baiuca . Concello de Arteixo (A Coruña)
Expediente: 2025AAE3045

páxina 12 de 12

NA CORUÑA, NA DATA DA SINATURA ELECTRÓNICA

